



INSTRUCCIÓNS PARA PERSOAL UDC

Doutoramentos Industriais (DI) 2025

Convocatoria de axudas da Xunta de Galicia

Prazo solicitude	Prazo interno de presentación na UDC
19/07/2025 ao 18/08/2025	19/07/2025 ao 14/08/2025

A presentación das solicitudes á convocatoria de axudas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia para a formación de doutores e doutoras en empresas (doutoramentos industriais) deberá ser realizada pola empresa ou centro de innovación e tecnoloxía promotor do proxecto. Porén, existen diversas accións previas ou complementarias, requeridas na convocatoria, que implican a participación da Universidade da Coruña, polo que será necesario contactar coas unidades correspondentes para a súa tramitación.

- **Anexo IV - Declaración de compromiso de achegar o convenio de colaboración:** debe cubrirese e enviarse ao Servizo de Investigación (SERIN) a través do correo electrónico coordinacion.investigacion@udc.es
- **Anexo VII - Certificación da persoa titular da Vicerreitoría con competencias en investigación:** debe solicitarse ao SERIN a través do mesmo enderezo: coordinacion.investigacion@udc.es
- **Acreditación da aprobación do plan de investigación pola comisión académica do programa de doutoramento correspondente:** debe solicitarse á Escola Internacional de Doutoramento (EID) en terciclo@udc.es

En lugar da acreditación do punto previo, pode presentarse unha **declaración responsable da persoa candidata**, segundo, por exemplo, o seguinte modelo:

Eu, Nome, con DNI Número, e candidata/o a doutoranda/o mediante a convocatoria Doutoramentos Industriais 2025, comprométome a presentar o mesmo plan de investigación á Comisión Académica do Programa de Doutoramento que á Administración para dita convocatoria, cuxo proxecto leva por título Título do proxecto. Para que así conste, asino o presente documento.

- **Procura de posibles entidades candidatas para a realización dun doutoramento industrial:** pode solicitarse apoio á Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) en promocion.otc@udc.gal

No caso de conseguir a axuda, apoio na elaboración do convenio de colaboración:

- **Convenio de colaboración** - Recoñecemento dos dereitos de propiedade industrial que se poidan xerar no marco do proxecto + Habilitación dos procedementos adecuados para garantir a confidencialidade da información e dos resultados, etc.: contactar coa OTC en contratos.otc@udc.gal e proteccion.otc@udc.gal



Datos para a solicitude:

UDC

Entidade: Universidade da Coruña

NIF: Q6550005J

Entidad pública: SI

Representante legal (RL)

Jerónimo Puertas Agudo

Vicerreitor de Investigación e
Transferencia

vit@udc.es

881 011 156

Datos de contacto das unidades involucradas da UDC

Oficina de Transferencia de
Coñecemento (OTC)

proteccion.otc@udc.gal

promocion.otc@udc.gal

contratos.otc@udc.gal

Escola Internacional de
Doutoramento (EID)

terciclo@udc.es

Servizo de Investigación (SERIN)

coordinacion.investigacion@udc.es